

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto con regulación harmonizada/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	Servizo de redacción do Plan Director e Proxecto básico e de execución de desenvolvemento de dito plan para "ABRIR FERROL AO MAR"	
Número expediente	AVH 03004 24/09	Cívidas 2023048107
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	10 de xuño de 2024	
Hora de inicio	13:00:00	
Hora remate	16:05:00	
Asistentes sen voto	Dona M. ^a José González Novo, arquitecta municipal de Urbanismo e don Julián Reina Villalón, en representación do grupo municipal PSOE.	
Excusa asistencia	Dona Blanca García Olivares, concelleira delegada da área que propuxo a contratación (Urbanismo)	

Presidente:

Don Javier Pastor Díaz Mosquera, concelleiro delegado da área de Alcaldía; Promoción Económica e Emprego; Fondos Europeos; Participación e Atención Cidadá; Organización Interna e Contratación.

Vocais:

Dona Ana Elisa Quindós Lindín; xefa de servizo de contratación; dona Ana M.^a Vázquez Fernández, directora da asesoría xurídica; dona Sonia Corral Corral, viceinterventora, en suplencia da interventora municipal e don Anxo Sánchez de Nicolás, xefe de sección, en suplencia do xefe de servizo da área que propuxo a contratación (Urbanismo)

Secretario/a

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA**1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (celebrada en data 30/05/2024)**

Se aproba co voto favorable dos membros asistentes con dereito a voto que participaron na sesión anterior.

2.- Calificación da documentación presentada respecto á baixa temeraria na que incorre o licitador requirido. Adopción dos acordos que procedan.

Postos en antecedentes; deuse conta de que, por medio da PLACSP, requiriuse á empresa PROYFE SL a xustificación do prezo temerario no que incorre a súa oferta, tendo en conta o disposto no PCAP ao respecto do referido suposto (cláusula 25 e epígrafe 16 do anexo I ao PCAP). A licitadora atendeu o requerimento do órgano de asistencia dentro do prazo concedido; presentando documentación aos efectos requiridos. A documentación presentada se remitiu a revisión e informe dos servizos técnicos municipais de Urbanismo.

De seguido, deuse conta do informe técnico favorable que emite, en data 07/06/2024, a arquitecta municipal de Urbanismo respecto da documentación xustificativa da baixa temeraria na que incorre a oferta presentada pola licitadora PROYFE SL. *Achégase un exemplar como anexo á presente acta.*

En consecuencia do informado en data 07/06/2024; o órgano de asistencia, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, acordou:

- Admitir a xustificación da baixa temeraria presentada pola licitadora PROYFE SL.
- Ponderar as ofertas avaliadas automaticamente presentadas no sobre nº 3 polas licitadoras concorrentes, coa seguinte puntuación:

Ponderación sobre 3	
(UTE)EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - VÁZQUEZ CALATAYUD ARQUITECTOS, S.L.P.	54,02
Ute: DÍAZ Y DÍAZ ARQUITECTOS SLP- MARÍA FANDIÑO IGLESIAS	42,84
(UTE)G.O.C., S.A. - IAGO SEARA MORALES - JUAN OROZCO CORREDOIRA	42,88
PROYFE, S.L.	45

- Clasificar as ofertas presentadas ao procedemento AVH 03004 24/09, resultando do seguinte xeito:

Clasificación final AVH 03004 24/09				
		PTOS. SUBX	PTOS OBX	PTOS
1	PROYFE, S.L.	45	45	90
2	Ute: DÍAZ Y DÍAZ ARQUITECTOS SLP- MARÍA FANDIÑO IGLESIAS	37,50	42,84	80,34
3	(UTE)EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. - VÁZQUEZ CALATAYUD ARQUITECTOS, S.L.P.	22,50	54,02	76,52
4	(UTE)G.O.C., S.A. - IAGO SEARA MORALES - JUAN OROZCO CORREDOIRA	17,50	42,88	60,38

Tendo en conta os datos inscritos nos rexistros oficiais ROLECE/XUNTA referidos pola licitadora que acadou a primeira posición na clasificación final de ofertas:

- REQUIRIR da empresa PROYFE SL a presentación de documentación, nos termos establecidos na cláusula 27 do PCAP. Advertíndolle das consecuencias de non cumprimentar adecuadamente o requirimento no prazo concedido.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

DILIXENCIA: *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 20/06/2024.; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.*